



O teu Concello informate

Neste vindeiro mes de maio cúmprese un ano desde o recoñecemento de Reserva da Biosfera ó territorio Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo por parte da UNESCO; un recoñecemento que, ademais de destacar a súa importancia biolóxica e natural, ofrece un gran impulso para a economía e o turismo da zona en consonancia cos valores do entorno.

Todos sabedes que unha das directrices importantes que sempre tiven presente, foi a importancia do coidado do medio ambiente; sucesivas campañas de concienciación realizadas ano tras ano así o acreditan e, nesta liña, debemos seguir traballando, porque o futuro de todos está profundamente ligado ó uso sostible dos recursos.

Agora ben, dentro do respecto polos valores naturais e os recursos que o medio nos proporciona, debemos buscar o progreso e a riqueza da poboación; para levar isto adiante dentro do marco económico actual, un dos retos que se lle presentan ás Reservas da Biosfera, é a capacidade de acceso ó financiamento para a posta en marcha e desenvolvemento dos Plans de Xestión no novo período de programación europeo de estratexias e axudas (2014-2020).

Así, unha das miñas liñas de traballo, será dar a coñecer os Programas e Convocatorias de axudas que poidan financiar os proxectos promovidos desde as Reservas de Biosfera abrindo novas oportunidades para o territorio.

Algúns exemplos destas novas oportunidades concretadas xa en actividades previstas para este ano, son:

- O deseño e creación de Marca de Calidade para diversos produtos e servizos
- O desenvolvemento de xornadas e seminarios para mellorar o coñecemento sobre os recursos naturais e locais
- O deseño e posta en marcha da Ruta das Adegas do Viño da Terra de Betanzos
- A identificación de oportunidades de financiamento para a posta en marcha de proxectos na Reserva de Biosfera
- O fomento da Agricultura Ecolóxica, a comercialización nos circuitos curtos e a recuperación de variedades autóctonas

Temos, polo tanto, a posibilidade de levar adiante accións e proxectos que poden facer avanzar ó noso Concello e que irei impulsando convencido de que representan unha importante oportunidade de futuro para todos.

Un saúdo do voso Alcalde



Presentación do segundo cuadrimestre da UNED Senior

O pasado 10 de febreiro o Concello de Paderne acolleu a presentación do segundo cuadrimestre do curso que realiza a UNED Senior. O local social de Quintas foi a sede do acto que, presentado polo Alcalde, tamén contou coa presenza da Concelleira de Cultura de Paderne, da directora do centro asociado e o seu coordinador.



O Alcalde e a Concelleira de Cultura acompañando ós alumnos na presentación do acto



Excursión ó Pazo de Oca

O 23 de febreiro un grupo de persoas de Paderne, encabezado polo Alcalde, visitaron os xardíns do Pazo de Oca.

Despois da comida en Vedra, visitouse unha bodega degustando viño da súa produción; logo a 20ª Xornada da Camelia puxo o punto final a este estupendo día de excursión.

Nos xardíns do Pazo de Oca con un dos personaxes caracterizados de época

Xornada do GDR Mariñas-Betanzos

Coa finalidade de fomentar o emprendemento no sector agroalimentario e a potenciación dos produtos locais, celebrouse o 26 de febreiro a Xornada: «Oportunidades dos produtos locais para o emprendemento no sector agroalimentario», organizada polo GDR Mariñas-Betanzos.

O Alcalde moderou a mesa na que participaron os adegoeiros da zona acollidos a esta denominación.



O Alcalde con algúns dos adegoeiros moderando a Mesa



Entroido

Celebrouse o pasado 5 de marzo en O Telleiro. Os disfraces, tanto de grupos como individuais ou infantís, foron os protagonistas da xornada achegando ata a o recinto a gran cantidade de persoas.

A degustación exclusiva de produtos de Paderne como as empanadas, o queixo, o viño e a queimada foron os complementos ideais para esta noite de festa.

Ambiente do Entroido en O Telleiro

Obradoiro de emprego

Coa finalidade de mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a súa cualificación, en alternancia coa práctica profesional en ocupacións ou actividades de utilidade pública ou interese social, que favorezan a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo, o Alcalde asinou un convenio de colaboración co concello de Miño polo cal se solicitou unha subvención á Consellería de Traballo e Benestar para un obradoiro de emprego.

As especialidades solicitadas son «Horticultura e Floricultura» e «Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes» para un total de 30 alumnos que realizarían as prácticas correspondentes ás citadas especialidades en parques, xardíns e parcelas de ambos concellos.

Despois da posta en marcha de tres obradoiros de emprego en Paderne, o Alcalde sigue loitando no convencemento da importancia que ditos programas teñen para as xentes do Concello conxugando a formación coas labores no entorno e a contribución á economía das familias.

Eficiencia enerxética - INEGA

O Alcalde, considerando a minoración de custos que supón a prestación conxunta de servizos, ven de asinar un acordo polo que se establece, a efectos de solicitude de subvención, unha agrupación dos concellos de Cabanas, Mugaros, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne todos eles limítrofes, co fin de colaborar na xestión compartida do «*Proxecto de eficiencia enerxética no alumado público*» en base á Resolución do 23 de decembro de 2013 sobre subvencións para o 2014 de aforro e eficiencia enerxética do INEGA.

O orzamento supón un total de **9.759,64 euros** para a mellora do alumado público nos lugares de Porto e Areas como importante medida de aforro e de contribución ó medio ambiente.

Bolsa de Emprego Municipal

No empeño de seguir axudando á economía das familias do Concello e así paliar un pouco os efectos que a actual situación de crise está a xerar na poboación, é de vital importancia destinar unha partida do orzamento municipal a mitigar estes devastadores efectos.

Con este fin, a Alcaldía propuxo realizar un novo esforzo por contribuír ó benestar das persoas de Paderne coa contratación de unha cuadrilla de traballadores a cargo dos presupostos do Concello aínda que esta medida supoña reducir outro tipo de gastos que, dado o momento actual, non son de tanta importancia como o benestar de todos.

Comemoración do Día Internacional da Muller

O 10 de marzo, tivo lugar a celebración do «**Día Internacional da Muller**». Comezou cunha introducción do Alcalde en relación coa data para dar paso á lectura do Manifesto do Concello de Paderne por parte da Concelleira de Servizos Sociais e Muller. Estiveron representadas tres xeracións dunha mesma familia narrando as diferencias de vida que atoparon no seu camiño.



Un numeroso grupo de persoas participaron no mesmo



O Alcalde e a Concelleira charlando con algúns dos socios

Aniversario do Centro de Miores

Con este motivo, o Concello organizou unha saída o día 12 de marzo ás localidades de Mugar dos e Ares. Durante a mañá, os asistentes puideron visitar as zonas típicas de Mugar dos celebrándose a comida en Ares.

Presidida polo Alcalde acompañado pola Concelleira de Servizos Sociais e Muller así como dos socios representantes de cada parroquia, foi seguida, polo sorteo de agasallos e o baile ata rematar a tarde.



Algúns dos alimentos recollidos no Concello durante esta campaña

Campaña de alimentos da UNED

O Concello de Paderne colabora coa Uned Senior a través da súa aula en Paderne nunha campaña de recollida de alimentos en virtude do convenio establecido entre a UNED e o Banco de Alimentos.

Con este fin, habilitouse unha zona de almacenaxe no concello, e realizáronse as labores de publicidade, recepción e preparación da mercancía.



Os maiores e nenos que este día deixaron a súa árbore na praza de Vilamourel xunto co Alcalde.

Día da Árbore

Celebrado o día 22 de marzo na parroquia de Vilamourel, ven a marcar o comezo da primavera cun acto simbólico no que cinco maiores e catro nenos da parroquia, xunto co Alcalde, deixaron unha árbore plantada para recordo de futuras xeracións.

Un acto no que, ademais de plantación de varias especies de árbores, contou no seu programa coa actuación da coral Albeiro de Velouzás e a banda de gaitas O Castro.

Proxecto G.A.C.

O Concello de Paderne ven de presentar unha solicitude de axuda ó Grupo de Acción Costeira Golfo Ártabro, para a posta en marcha do proxecto «Paderne e a Cultura Mariñeira».

Este proxecto, cun importe total de **15.967,09 euros**, ten como obxectivo o desenvolvemento dun programa educativo na «Aula da Ría de Betanzos» para tratar de chegar a toda a poboación e consolidalo como un recurso turístico importante para Paderne e os concellos limítrofes fomentando os valores culturais e naturais asociados á Ría de Betanzos, difundindo o patrimonio marítimo e a cultura mariñeira e tratando de facer partícipe en todo momento aos veciños.

Así, irían desenvolvéndose parte dos obxectivos marcados na Aula que son, entre outros, posibilitar que a poboación adquira coñecementos da Ría de Betanzos tomando unha maior conciencia do medio no que nos desenvolvemos adquirindo unha responsabilidade co mesmo a fin de que non se deteriore e desapareza e ir convertendo este espazo nun lugar de intercambio de experiencias vinculadas coa Ría.

Tratamentos Preventivos

Nestes días solicitouse a sinatura do convenio entre o Concello de Paderne e a Consellería do Medio Rural e do Mar para a participación na prevención de Incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos consistentes no **DESBROCE en vías e camiños «forestais» de titularidade municipal»** facilitando así a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade productiva, ecolóxica e social do monte como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

A vexetación é un importante combustible que facilita a propagación das lapas cando se declara un incendio, polo que, as medidas de desbroce son fundamentais na prevención e control dos danos que estes poidan causar dado o deterioro que, tanto no medio ambiente como na economía da zona, ocasionan.

Limpeza de praias

O Concello de Paderne ven de solicitar á Deputación Provincial unha subvención por importe de **16.000 euros** destinados á contratación de varios peóns durante tres meses, para a limpeza das praias, dos seus accesos así como da limpeza e mantemento das prazas públicas de todo o Concello.

As zonas costeiras supoñen unha importante sinal de identidade outorgando un gran valor medioambiental ó territorio así como espazos turísticos que debemos coidar para o disfrute de todos. Outro valor importante son as prazas que, nas distintas parroquias serven de lugar de encontro para grandes e pequenos ademais de aportar beleza ás nosas aldeas, polo que o seu mantemento e coidado supón un orgullo para tódolos veciños.

XIII Festa dos Maiores

Sábado 26 de abril. Pavillón Polideportivo Municipal

¿Quen pode participar na festa? As persoas maiores de 65 anos ou pensionistas maiores de 60 e a súas parellas aínda que non cumpran este requisito con un custo por persoa de 15 euros. Ambos deben estar empadroados no Concello.

¿Como acudir ó lugar de celebración? Contarase cun autobús que recollerá ós asistentes polas distintas parroquias.

¿Como pasaremos o día? **13:00 h.-** Saída do Alcalde. **13:15 h.-** Celebración da Misa de Campaña cantada polo coro da Asociación de Veciños Albeiro, de Velouzás. **13:45 h.-** Acto de felicitación ós maiores de cada parroquia. **14:30 h.-** Comida. A partires das **16:00 h.**, sorteo de regalos

ANÓTATE NO CONCELLO ANTES DO 23 DE ABRIL

Día das Letras Galegas

Será o día 17 de maio ás 12:00 h. na praza do Campo da Escola en Insua, Viñas. Comezaremos cunhas palabras do Alcalde coas que recordará ó persoeiro homenaxeado nesta edición.

Xosé María Díaz Castro (1914-1989), poeta de Os Vilares de Parga, Guitiriz, será recordado pola súa aportación a cultura de Galicia.

Contaremos este día cos sons da banda de gaitas O Castro e as voces da coral Alcoa-Inespal.

Ó remate do acto compartiremos todos uns pinchos e un viño da terra.

¡¡Esperámosvos para celebración deste Día!!

Balneoterapia

O Concello de Paderne, ten prevista a seguinte saída de balneoterapia ó balneario de Guitiriz para o vindeiro venres 25 de abril.

Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne. A saída da Casa do Concello será ás 9.30 e o regreso ás 13.30 h.

Os interesados teñen ata o martes anterior para solicitar a súa participación.

Aniversario da AA.V. de Quintas

Vaise a celebrar o vindeiro domingo 3 de maio. Comezará ás 13:30 h coa celebración da misa e logo os socios, xunto cos seus invitados, celebrarán a comida sobre as 14:30 h.

Romaría da Santa Cruz, en Vigo

A celebrar o día 10 de maio. Os veciños e invitados xúntanse na praza da Picota para comer este día de festa.

Festa das Flores, en Obre

O día 24 de maio no Campo da Festa. Acudirán todos os veciños a comer de romería.

Celebración do San Antonio, en Viñas

O día 14 de xuño na praza de Fernando Sueiro. Unha gran verbena amenizará este evento.

Para todas estas celebracións o Concello facilita a carpa e o material de que dispón a fin de que os veciños pasen o día o mellor posible.